

**"ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PUBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS)"**

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación, natureza xurídica e adscrición

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación "Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)" constituíuse unha organización de natureza fundacional, de interese galego e sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos seus fins fundacionais, de interese xeral.

A devandita fundación, en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e, en cumprimento da prescripción establecida no artigo 78 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, pasa a denominarse Fundación Pública Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) (en diante, a Fundación) pertencente ao sector público autonómico.

A Fundación ten a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Fundación estará adscrita á consellería competente en materia de sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde.


Artigo 2. Personalidade e capacidade

A Fundación ten personalidade xurídica dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Para o cumprimento dos seus fins e para a defensa dos seus intereses e dereitos, a Fundación terá plena capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia, todos os actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Réxime xurídico

A Fundación rexerase por estes estatutos, polas normas de réxime interno que en interpretación e desenvolvemento destes aprobe o Padroado e, en todo caso, pola Lei 12/2006,



do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, polo Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan ou sexan de aplicación.

Pola súa condición de Fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable nos aspectos que procedan, a normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a lexislación de subvencións e de contratos do sector público, a normativa da función pública e de organización e funcionamento da administración e do sector público autonómico de Galicia, a normativa de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega e, en xeral, calquera outra norma aplicable aos entes instrumentais do sector público de Galicia.

Artigo 4. Duración

A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da fundación se estimasen cumplidos, ou fose imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a súa extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.

Artigo 5. Domicilio

1. A Fundación terá o seu domicilio no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pertencente á ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA, sito no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, Travesía da Choupana, s/n, 15706, A Coruña, sendo este a sede do Padroado.
2. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación terá unha delegación na ÁREA SANITARIA DE LUGO, A Mariña e Monforte de Lemos, no Hospital Universitario Lucus Augusti (Lugar San Cibrao s/n, 27004, Lugo)
3. O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, na forma prevista na lexislación vixente, así como acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.



Artigo 6. *Ámbito de actuación*

O ámbito territorial no que a Fundación desenvolverá as súas actividades esténdese a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que principalmente desenvolverá aquelas nas áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza e Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Artigo 7. *Protectorado*

A Fundación actuará baixo o Protectorado exercido pola Consellería de Sanidade, segundo o disposto na lexislación vixente.

O Protectorado, en exercicio das funcións tuitivas que lle corresponden sobre a Fundación, ostentará as facultades que lle atribúe a lexislación vixente na materia.

TÍTULO PRIMEIRO

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 8. *Obxecto*

A fundación ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en ciencias da saúde, así como realizar outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.

Con ese propósito, a fundación servirá de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores dos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (en adiante, IDIS), e contribuirá eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente deste modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa producción científica.

O obxecto fundacional poderase realizar de maneira directa ou a través de contratos, concertos, encomendas, encargos, ou convenios de colaboración con terceiras persoas ou entidades.

Artigo 9. *Fins*

Os fins que rexerán a súa actuación son:

- Fomentar a cooperación da sociedade galega coas institucións sanitarias públicas, na consecución dos obxectivos fundacionais.



- b) Promover a investigación científica, poñendo a disposición dos investigadores os medios e/ou recursos da Fundación para o desenvolvemento dunha más alta calidade na prestación dos seus servizos á Comunidade Galega.
- c) Propoñer e levar a cabo accións de promoción e dinamización da investigación.
- d) Favorecer a colaboración entre os distintos equipos de investigación, así como a relación con outros centros que realicen actividades afíns.
- e) Difundir os resultados das actividades investigadoras e facilitar o coñecemento dos avances científicos e tecnolóxicos, fomentando así a súa aplicación.
- f) Fomentar a transferencia á sociedade dos resultados de investigación xerados no seu ámbito, a través dunha axeitada protección e xestión do coñecemento.
- g) Intervir e participar en todos os ámbitos que en xeral estean relacionados con estes obxectivos.

Artigo 10. Actividades fundacionais

1. A fundación poderá realizar, en colaboración se procede con Administracións e entidades públicas e privadas, as seguintes actividades en canto resulten convenientes para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior:
 - a) Captación de recursos económicos para o desenvolvemento dos fins, a difusión das convocatorias de axudas existentes entre o persoal do Sistema Sanitario Público de Galicia e a xestión das mesmas.
 - b) Concesión de axudas económicas e de becas, de recursos e de medios materiais e de servizos, a institucións e a persoas.
 - c) Fomento da participación, directa ou indirecta, no desenvolvemento das actividades, doutras entidades ou doutras persoas que realicen actividades coincidentes ou complementarias coas da propia Fundación, nomeadamente en canto á realización de ensaios clínicos, de probas de produtos farmacéuticos e calquera outra actividade clínica no marco das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, de conformidade coa normativa e protocolos aplicables.
 - d) Organización e xestión, directa ou indirecta, de cursos, seminarios, xornadas, congresos, programas, proxectos e outras iniciativas.
 - e) Participación na creación e na actividade de publicacións e doutros instrumentos e medios de difusión de coñecementos, valores e actuacións vinculados aos fins integrantes do obxecto fundacional.
 - f) Prestación de servizos de apoio á investigación, formativos e educativos.
 - g) Concertación de convenios de colaboración empresarial ou con institucións para o fomento de actividades de interese desde o punto de vista dos fins fundacionais.



2. Todas as actividades que constitúan o obxecto fundacional desenvolveranse con suxección aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da consellería competente en materia de sanidade, e do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), no ámbito das súas competencias e sen prexuízo das mesmas.

Así mesmo, para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da fundación, promoverase a necesaria coordinación con todos os servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia e cos centros de atención primaria da nosa Comunidade Autónoma.

3. A Fundación poderá realizar actividades mercantís que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia. Ademais, poderá intervir en calquera actividade económica, a través da súa participación en sociedades, conforme ao previsto nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 33 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, así como no resto da lexislación vixente.

Artigo 11. Liberdade de actuación

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os más adecuados ou convenientes en cada momento, de acordo cos criterios de imparcialidade, non discriminación e sostenibilidade.

Artigo 12. Publicidade do obxecto, fins e actividades fundacionais

A Fundación dará publicidade suficiente ao seu obxecto, fins e á súa finalidade, así como ás súas actividades a través da súa sede electrónica, de contar con unha, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, ou, no seu caso, a través da súa páxina web, para que sexan coñecidos polos/as eventuais beneficiarios/as e demás persoas interesadas.

TÍTULO SEGUNDO

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 13. Persoas beneficiarias

Serán beneficiarias potenciais da Fundación calquera persoa física que realice ou desenvolva unha actividade comprendida dentro dos fins fundacionais, ou que demande os servizos ou as axudas que preste a Fundación.



Tamén poderán ser beneficiarias potenciais as entidades de nacionalidade española, dotadas de personalidade xurídica, que con base nos seus estatutos, desenvolvan unha actividade coincidente coa que leve a cabo ou promova a Fundación. Darase carácter preferente aos seguintes colectivos:

- a) Persoal investigador con especial vinculación coas áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza e Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos e co IDIS
- b) Institucións e organizacións que desenvolvan actividade investigadora e de innovación en Galicia

A elección das persoas beneficiarias efectuarase polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación, publicidade e concorrencia.

Artigo 14. Destino das rendas e ingresos

Á realización dos fins fundacionais deberá destinarse alomenos o setenta por cento das rendas e ingresos obtidos, por calquera título ou causa, despois de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.

Para o cálculo das rendas e ingresos non se incluirán as contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial, no momento da constitución ou nun momento posterior, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvistan en bens dotacionais.


Así mesmo, non se incluirán os ingresos obtidos na transmisión onerosa de bens inmóbiles nos cales a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvista en bens inmóbiles en que concorra a devandita circunstancia.

Para calcular os gastos realizados para a obtención das rendas e ingresos poderá deducirse, se é o caso, a parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, excluíndo do devandito cálculo os gastos realizados para cumplir os fins estatutarios.

Deberá destinarse a incrementar a dotación ou as reservas, segundo o acordo do Padroado, o resto de rendas e ingresos que non deban destinarse a cumplir a obriga establecida no primeiro parágrafo deste artigo, unha vez deducidos os gastos de administración, cuxa contía máxima determinarase regulamentariamente.

Os gastos de administración serán aqueles directamente ocasionados aos órganos de goberno pola administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, e aos que os membros do padroado teñen dereito a ser reembolsados por desempeñar o seu cargo, segundo o disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro.

Poderanse aceptar doazóns finalistas referentes únicamente ao ámbito de actuación dalgúnha das delegacións da fundación.



O prazo máximo previsto para cumplir a obriga de destino de rendas e ingresos prevista neste artigo será de catro exercicios económicos a partires do momento da súa obtención, sendo o inicial o seguinte a aquel en que se xeraron.

TÍTULO TERCEIRO

ÓRGANOS DA FUNDACIÓN

Capítulo I

ÓRGANOS DE GOBERNO


Artigo 15. *O Padroado*

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e do que depende xerarquicamente o órgano de xestión da mesma. Executará as funcións que lle corresponden con suxección ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

O Padroado funcionará en Pleno e en Comisión Permanente. Aos efectos destes Estatutos, as referencias que se fagan ao Padroado entenderanse realizadas ao Pleno.

Artigo 16. *Composición do Padroado*

1. O Padroado da Fundación estará composto por membros natos, electivos e membros honoríficos, nun mínimo de 11 e un máximo de 20 membros, sen computar os honoríficos.
2. A determinación do número de membros, dentro deste máximo e mínimo, pero respectando sempre o número mínimo que requira a presenza de membros natos, fixarase polo propio Padroado.
3. O Padroado contará coa seguinte composición:
 - a) Presidencia: a persoa titular da Xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
 - b) Vicepresidencia: a persoa titular da Xerencia da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
 - c) Vogais natos:
 - 1º. A persoa que ocupe a Dirección Científica do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago
 - 2º. Os/as responsables de investigación dentro do organigrama directivo das áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza e Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
 - 3º. A persoa que ocupe a Xerencia da Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).



4º. A persoa que ocupe a Dirección Científica do Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS).

En caso de que unha mesma persoa ocupe simultaneamente máis dun dos postos anteditos só posuirá unha vogalía.

d) Vogais electivos:

1º. Un/unha vogal designado/a pola Dirección da Axencia Galega de Innovación.

2º. Un/unha vogal designado/a pola Universidade de Santiago de Compostela.

3º. Un vogal en representación das Comisións de Investigación, Innovación ou Docencia de Santiago designado/a polo Xerente da ÁREA Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

4º. Un vogal en representación das Comisións de Investigación, Innovación ou Docencia de Santiago designado/a polo Xerente da ÁREA Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

5º. Un máximo de cinco vogais designados/as pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, propostos polo Presidente/a do Padroado e sancionados por este, entre profesionais de recoñecido prestixio dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia. Das cinco persoas propostas, como mínimo tres deberán ter vinculación con grupos de investigación do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

6º. Un máximo de catro vogais elixidos por parte do Padroado a proposta do Presidente, do Vicepresidente ou de tres vogais, tendo que contar co voto positivo de alomenos dous terzos dos membros do padroado presentes e que sexan, ademais, maioría absoluta do conxunto do Padroado.

e) Vogais de honra: con voz e sen voto, propostos polo/a Presidente/a e designados polo Padroado mediante acordo por maioría absoluta, en atención á relevancia dos seus méritos ou servizos respecto aos fins da Fundación.

A secretaría do Padroado será exercida pola persoa titular da Dirección da Fundación, a cal terá voz pero non voto.


4. O primeiro Padroado estará constituído polos membros natos e os membros electivos designados polo Padroado vixente no momento da súa constitución.

Artigo 17. *Capacidade dos membros do Padroado*

1. Poderán ser membros do Padroado da Fundación tanto as persoas físicas como xurídicas.

2. Os membros do Padroado que sexan persoas físicas deberán ter plena capacidade de obrar, e non poderán estar inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos.

3. O cargo de patrón que recaia nunha persoa física deberá ser exercido persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro membro do Padroado designado



por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberase axustar as instrucións que, de ser o caso, o representado formule por escrito.

4. As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado mediante a designación da persoa física que as represente.

5. Os membros do Padroado terán voz e voto e poderán delegar as súas facultades noutros membros, no caso de enfermidade ou ausencia xustificada.

Artigo 18. *Facultades do Padroado*

1. Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais, a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade e a execución das funcións que lle correspondan con suxección ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

2. Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes Estatutos e sen prexuízo de solicitar, no seu caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título meramente enunciativo, serán facultades do Padroado:

a) Exercer o goberno, inspección, vixilancia e orientación da fundación.

b) Representar e manifestar a vontade da Fundación ante os poderes públicos, órganos xurisdicionais, organismos arbitrais, en calquera acto ou negocio xurídico así como no exercicio de dereitos, accións e procedementos nos que sexa parte a Fundación.

c) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.

d) Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.

e) Promover o cambio de domicilio da Fundación, así como acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.

f) Establecer as directrices de carácter xeral e a planificación estratégica da Fundación e aprobar os plans xerais, os económicos financeiros, de obras e de investimentos e a súa periodificación anual, que quedarán reflectidos no orzamento anual.

g) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes, e a revogación dos mesmos.

h) Adoptar as medidas e disposicións convenientes que garantan o mellor cumprimento dos fins establecidos.

i) Aprobar o inventario, o balance anual, a liquidación do orzamento e a conta de resultados, que sexan consecuencia da xestión.



- j) Nomear á persoa titular da Dirección da Fundación e aos demais cargos directivos da mesma e fixar as súas atribucións, cometidos e obxectivos, así como avaliar o seu desempeño.
- k) Autorizar os contratos de obras, servizos e subministracións da Fundación. Esta función poderá ser delegada de acordo cos límites establecidos polo pleno do Padroado.
- l) Aprobar a política de persoal e o réxime retributivo dentro dos límites legais e, nomeadamente, a aprobación do cadro de persoal fixando os criterios de selección.
- m) Administrar lealmente os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade para a consecución dos fins fundacionais.
- n) Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre os bens móbiles e inmóbiles que constitúan o patrimonio da Fundación, de conformidade co disposto nas disposicións legais aplicables.
- ñ) Aprobar a memoria anual da Fundación.
- o) Aprobar os acordos ou os convenios que considere de interese para o mellor logro dos seus fins, dentro dos límites establecidos nos presentes estatutos.
- p) Aprobar os criterios de ordenación de pagos e facturación propostos pola Dirección da Fundación.
- q) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións, xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- r) Aceitar herdanzas e doazóns conforme ao artigo 30 da Lei 12/2006, do 1 de decembro.
- s) Establecer as Comisións ou Grupos de Traballo que considere convenientes para a consecución dos obxectivos da Fundación.
- t) Autorizar os Rexistros de Actividades de Tratamento efectuados baixo a responsabilidade da Fundación, de conformidade co previsto na normativa vixente en materia de protección de datos.
- u) Adoptar os criterios de imaxe institucional da Fundación e os seus signos distintivos, logotipo e selos, así como autorizar o seu uso na forma que considere oportuna.
- v) Elaborar e aprobar dentro do último trimestre de cada exercicio un Plan de actuación da Fundación para o exercicio seguinte.
- w) Aprobar, no seu caso, un Regulamento de Réxime Interno.
- x) Aprobar as regras de actuación e procedementos para a apropriada operatividade da Fundación.
- y) Acordar a convocatoria e concesión de axudas á investigación ou á formación no ámbito fundacional. De conformidade co previsto no artigo 120 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, nas convocatorias serán de aplicación os principios previstos na legislación xeral sobre subvencións.



z) Conferir apoderamentos ou delegar as súas funcións con suxección á normativa vixente, así como encomendar aspectos concretos de xestión da actividade da Fundación. Non son delegables, a aprobación das contas e do proxecto de orzamento, nin aqueles actos que requiran a autorización ou intervención do Protectorado.

a2) Someter á aprobación do Protectorado da Xunta de Galicia os acordos que a precisen.

b2) Calquera outra función non expresamente encomendada nestes estatutos a outros órganos da Fundación.

c2) Acordar a fusión, extinción ou liquidación da Fundación.

Artigo 19. Dereitos, obrigas e responsabilidade dos membros do Padroado

1. Son dereitos dos membros do Padroado os seguintes:

a) Recibir cunha antelación mínima, prevista nestes estatutos, a convocatoria contendo a orde do día das reunións e ter a disposición a información sobre os temas que figuren na citada orde do día.

b) Asistir ás sesións dos órganos dos que formen parte e participar nos seus debates.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican. Non poderán abstenerse nas votacións os membros que pola súa condición de autoridade ou persoal ao servizo da Administración Pública, teñan a condición de membros natos, en virtude do cargo que desempeña.

d) Delegar o seu voto noutros membros do Padroado. No entanto, o exercicio do dereito de voto non poderá delegarse cando se refira a calquera dos seguintes asuntos:

1º. A aprobación das contas anuais ou do plan de actuación.

2º. A modificación dos estatutos.

3º. O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.

4º. Calquera acto que precise da autorización ou aprobación do Protectorado.

e) Formular rogos e preguntas.

f) Obter a información precisa para cumplir as funcións asignadas.


g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición, ou lle fosen delegadas ou encomendadas.

2. Son obrigas dos membros do Padroado as seguintes:

a) Asistir ás sesións dos órganos dos que formen parte, e participar nos seus debates.

b) Cumprir os acordos adoptados.

c) Gardar a debida reserva das informacións e datos aos que teñan acceso por mor da súa condición, así como do contido dos debates nos que participen.



d) Non atribuírse funcións de representación agás que as teñan expresamente atribuídas por virtude dunha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

e) Non exercer as funcións encomendadas cando concorra conflito de interese.

f) Velar polos intereses e a consecución dos fins da Fundación.

3. Os membros do Padroado desempeñarán as súas funcións coa dilixencia dun representante leal.

De conformidade co previsto no artigo 22 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos, ou polos actos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non tendo intervido na súa adopción e execución, descoñecían a existencia do mesmo ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, alomenos, se opuxeron expresamente a aquel.

A acción de responsabilidade iniciarase, ante a autoridade xudicial e en nome da fundación, por:

- a) O propio Padroado, previo acordo motivado, en cuxa adopción non participará o membro/s afectado/s.
- b) O protectorado, nos termos establecidos no artigo 47 da citada Lei 12/2006, do 1 de decembro.
- c) Os patróns disidentes ou ausentes.

Artigo 20. Carácter gratuíto do cargo de patrón

As persoas integrantes do Padroado non percibirán retribucións polo desempeño das súas funcións, sen prexuízo do seu dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione, naqueles casos nos que proceda.

Artigo 21. Nomeamento, cesamento e substitución dos membros do Padroado

1. As persoas membros do Padroado entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar en documento privado con firma electrónica ou con firma lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo/a Secretario/a, co visto e prace do/da Presidente/a.

2. A condición de membro nato do Padroado estará vinculada ao exercicio do cargo ou posto polo que se adquire aquela condición. Desempeñará o seu cargo con carácter permanente, en tanto a súa designación non sexa revogada, ou cesado no posto ou cargo que lle atribúe a condición de membro do Padroado, sendo substituído polo titular do cargo de referencia.

3. Os/as membros electivos e os vogais de honra serán nomeados/as por un período de 4 anos, renovables, agás que se produza o seu cesamento ou remoción pola entidade ou institución á que corresponda a súa designación. O cesamento ou remoción non se farán efectivos até a súa comunicación fidedigna á Presidencia do Padroado.

4. No caso de renuncia dalgún dos membros electivos do Padroado, procederase á súa substitución de conformidade coas previsiones relativas á súa respectiva designación, de xeito que se manteña en todo caso o número mínimo de membros previsto nos presentes estatutos.

5. As designacións, renuncias, cesamentos e substitucións, comunicaranse ao Protectorado e inscribiranse no Rexistro de Fundacións mediante a correspondente certificación.

6. Nos supostos de vacante, de ausencia ou de enfermidade, a persoa titular da Secretaría será substituída polo/a vogal designado/a polo Padroado por maioría. Neste caso, ao ter o/a suplente a condición de membro do Padroado, conservará todos os seus dereitos como tal.

Artigo 22. Funcións da Presidencia


Correspóndenlle ao/á Presidente/a do Padroado as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da Fundación e o seu Padroado ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
- b) Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións do Padroado, dirixir os debates e dirimir os empates co seu voto de calidade.
- c) Autorizar, por propia iniciativa ou por solicitude doutros membros, a asistencia ás reunións do Padroado de asesores técnicos especialistas, con voz pero sen voto, cando a natureza ou complexidade dos asuntos a tratar así o requira ou aconselle.
- d) Exercer, no caso de urxencia, as accións, excepcións ou recursos xudiciais e administrativos procedentes en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, no caso de que non estean delegadas noutro órgano da Fundación, dando conta ao Padroado para a súa ratificación na primeira sesión que se celebre.
- e) Nomear ás persoas titulares da Presidencia das Comisións aprobadas polo Padroado.
- f) Executar os acordos adoptados, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.
- g) Calquera outra función que lle sexa encomendada ou delegada polo Padroado.

Artigo 23. Funcións da Vicepresidencia

Corresponderá á persoa titular da Vicepresidencia:

- a) Asumir, pola orde de prelación rotatoria establecida, o exercicio das funcións atribuídas á Presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade desta.



- b) Exercer aquelas funcións que lle encomenda a Presidencia ou o Padroado.

Artigo 24. Funcións da Secretaría

Correspóndenlle ao/á Secretario/a do Padroado as seguintes atribucións:

- a) Elaborar, por orde da Presidencia, a orde do día e efectuar a convocatoria das sesións do Padroado, así como a citación dos seus membros.
- b) Velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, e garantir que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos son respectadas.
- c) Custodiar a documentación pertencente á fundación.
- d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado, e expedir as certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados, co visto e prace da Presidencia.
- e) Recibir os actos de comunicación, xa sexan notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento o órgano.
- f) Calquera outra función inherente á condición de secretario/a así como as que expresamente lle sexan encomendadas ou delegadas pola Presidencia ou o Pleno.

Artigo 25. A Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente terá a seguinte composición:

- a) A persoa titular da Presidencia do Padroado, que presidirá a Comisión.
- b) A persoa titular da Vicepresidencia do Padroado.
- c) A persoa titular da Dirección Científica do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).
- d) Outros dous vogais, a designar pola Presidencia do Padroado, entre os vogais electivos de este Padroado, que lideren grupos de investigación do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

Formará tamén parte da Comisión, con voz pero sen voto, a persoa titular da Dirección da Fundación, que actuará como secretario/a.

2. A Comisión Permanente reunirase previa convocatoria do seu Presidente/a ou a petición de polo menos dous dos seus membros. Os requisitos de convocatoria, quórum e adopción de acordos serán os mesmos que os establecidos para o Padroado.



Artigo 26. Funcións da Comisión Permanente

Correspóndelle á Comisión Permanente o exercicio das seguintes funcións, segundo os límites establecidos polo pleno do Padroado:

- a) Realizar o seguimento da execución das decisións adoptadas polo Padroado.
- b) Realizar o seguimento da execución presupostaria da Fundación.
- c) Conformar os presupostos, as contas e outros informes preceptivos para a súa presentación e aprobación polo Padroado.
- d) De acordo co previsto no artigo 119 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Comisión Permanente exercerá as funcións de auditoría e control e, nomeadamente, a revisión e auditoría das contas anuais da fundación, así como velará polo cumprimento dos requisitos legais e a correcta aplicación dos principios de contabilidade xeralmente aceptados.
- e) Aqueloutras tarefas que lle delegue o Padroado.

Capítulo II
FUNCIONAMENTO DO PADROADO

Artigo 27. Convocatorias e sesións


1. O Padroado reunirase en sesión ordinaria polo menos dúas veces ao ano, para a aprobación da liquidación orzamentaria, as contas anuais, o Plan de Actuación e os obxectivos da xestión, e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación.

O Padroado poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Para a válida constitución do órgano, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría ou, no seu caso, dos seus suplentes, e a da metade, alomenos, dos seus membros.

Nas sesións que se celebren a distancia, os membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén como tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que os suplan, o contido das súas manifestacións, o momento no que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O Padroado reunirase despois da convocatoria da secretaría, por orde da presidencia, por propia iniciativa desta ou a petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.



Agás que non resulte posible, as convocatorias remitiranse aos membros a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible, as condicións nas que se vai a celebrar a sesión, o sistema de conexión e, no seu caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

Cando estiveran reunidos, de maneira presencial ou a distancia, a persoa titular da Secretaría e todos os membros do Padroado, ou no seu caso as persoas que as suplan, estes poderán constituírse validamente para a celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos sen necesidade de convocatoria previa cando así o decidan todos os seus membros.


A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, data e hora da reunión, comunicarase por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción, e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, de tratarse dunha convocatoria ordinaria, ou de 48 horas, de tratarse dunha convocatoria extraordinaria.

Artigo 28. Formas de deliberar e adoptar acordos

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que asistan todos os membros do Padroado e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
2. Os acordos adoptaranse por maioría de votos, e serán inmediatamente executivos. Non obstante requirirse o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña maioría absoluta dos seus membros, para aprobar os acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión ou escisión e á extinción da fundación.
3. Cando se asista a distancia, os acordos entenderanse adoptados no lugar onde teña a sede a fundación e, no seu defecto, onde estea ubicada a Presidencia.
4. Quen acredeite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse á Secretaría para que lle expida certificación dos acordos. A certificación expedirase por medios electrónicos, agás que a persoa interesada manifeste expresamente o contrario e non teña a obriga de relacionarse coas Administracións por esta vía. En calquera caso os debates e deliberacións realizados no seo das reunións do padroado serán segredos.

Artigo 29. Actas

1. De cada sesión levantarase acta polo/a Secretario/a do Padroado, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.



Poderán gravarse as sesións. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaría da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar á acta.

2. A acta de cada sesión poderá aprobase na mesma reunión ou na inmediata seguinte. A Secretaría elaborará a acta co visto e prace da Presidencia e a remitirá a través de medios electrónicos, aos membros do Padroado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

Cando se tivese optado pola gravación das sesións celebradas ou pola utilización de documentos en soporte electrónico, conservaranse de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano colexiado.

Capítulo III

ÓRGANOS DE XESTIÓN E ASESORAMENTO

Artigo 30. Órganos de xestión

Os órganos de xestión administrativa e de xestión económico-financeira, baixo a supervisión do órgano de goberno da Fundación, aseguran o bo funcionamento administrativo e económico-financeiro da entidade e terán ao seu cargo o despacho e a xestión ordinaria da entidade.

Artigo 31. Dirección da Fundación

1. A persoa que ocupe a Dirección da Fundación é a responsable das funcións ordinarias de administración e xestión da Fundación, exercendo as facultades delegadas polo Padroado e previstas nestes estatutos.

Corresponderá ao/á director/ada Fundación o exercicio das seguintes funcións:


- a) Executar e facer cumprir os acordos do Padroado e as instrucións impartidas pola Presidencia do Padroado no marco das súas atribucións.
- b) Exercer, por delegación do/da Presidente/a, a representación da Fundación, sen prexuízo da representación que corresponda á Vicepresidencia nos supostos de ausencia ou enfermidade da persoa titular da Presidencia.
- c) Exercer os labores descritos no artigo 4.c) do Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria, relacionados co Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).



- d) Propoñer e executar as estratexias e políticas de actuación da Fundación aprobadas polo Padroado.
- e) Dirixir, xestionar e inspeccionar, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación, que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel de calidade nas actividades propias da mesma.
- f) Elaborar e facer cumplir as normas de funcionamento interno da Fundación aprobadas polo Padroado, adoptando as medidas necesarias para a súa aplicación.
- g) Elaborar e propoñer ao Padroado o proxecto de orzamento anual de gastos e ingresos e as súas revisións, con suxeición ás disposicións aplicables ás entidades do sector público.
- h) Administrar o patrimonio da Fundación de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
- i) Proceder ao ordenamento de pagos e xestión de tesouraría de acordo cos criterios aprobados polo Padroado.
- j) Realizar a adquisición de bens, así como a contratación de obras e servizos, dentro dos límites de delegación ou apoderamento outorgados polo Padroado.
- k) Propoñer ao Padroado o nomeamento e cesamento doutros cargos directivos da Fundación, no seu caso.
- l) Executar e desenvolver a política de persoal establecida polo Padroado e, a tal fin, concertar ou rescindir relacóns laborais, seleccionar ao persoal, exercer a potestade disciplinaria sobre o persoal da fundación e executar os acordos do Padroado sobre réxime retributivo.
- m) Informar regularmente ao Padroado dos resultados de xestión, operativos e financeiros e, nomeadamente, preparar a memoria do exercicio e o balance de situación.
- n) Propor, co obxecto de que a Fundación poida desenvolver os fins encomendados, as relacións e competencias da Fundación dentro do normal funcionamento dos centros sanitarios públicos das áreas sanitarias de referencia así como propoñer as accións que considere necesarias para tal efecto, dentro dos fins fundacionais.
- ñ) Dirixir e executar as tarefas de xestión e administración ordinarias da Fundación.
- o) Calquera outra función acorde cos obxectivos fundacionais que lle sexa encomendada ou delegada polo Padroado, ou por outros órganos ou estruturas da Fundación.

2. O/a director/a será nomeado polo/a Presidente/a da Fundación, a proposta do Padroado, previa selección consonte os principios de mérito, capacidade e publicidade, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica que en cada caso sexan necesarios para o desenvolvemento das funcións propias do posto.

A Fundación formalizará coa persoa que resulte seleccionada o correspondente contrato ou nomeamento adecuado ao seu cometido funcional, conforme as disposicións aplicables ás entidades instrumentais do sector público.



3. A duración inicial do contrato non poderá ser superior a catro anos, se ben poderá ser prorrogado por acordo das partes.

O/a director/a será cesado/a polo/a Presidente/a da Fundación a proposta do Padroado.

O seu nomeamento e cese serán notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

4. A persoa titular da Dirección da Fundación estará suxeita ao réxime de incompatibilidades que se derive da súa condición.

Artigo 32. Unidade Técnica

Baixo a dirección e supervisión da Dirección da Fundación, constituirase unha Unidade Técnica encargada de proporcionar aos/as profesionais das Áreas Sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza; de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela Galicia (IDIS) e da propia Fundación, o necesario soporte administrativo e técnico para o desenvolvimento e xestión dos proxectos e iniciativas impulsadas no seu respectivo ámbito.

Dita Unidade Técnica poderá establecer oficinas de soporte nas áreas sanitarias citadas anteriormente para mellorar a xestión e accesibilidade dos recursos necesarios para os proxectos impulsados.


Corresponde ao Padroado, por proposta do/da Director/a da Fundación, aprobar a estrutura organizativa e o cadro de persoal e determinar os medios a disposición da Unidade Técnica.

En todo caso, a estrutura aprobada contemplará a existencia dunha unidade á que se encomendará a xestión de todos os recursos da Fundación.

Artigo 33. Funcións da Unidade Técnica

A Unidade Técnica desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Difundir entre os/as profesionais a convocatoria das bolsas e axudas promovidas por calquera organismo nacional ou internacional, facilitando ao persoal de investigación a tramitación e seguimento das solicitudes.
- b) Xestionar os recursos asignados aos proxectos de investigación, facilitando e fomentando a súa utilización compartida polo persoal de investigación ou grupos de traballo.
- c) Proporcionar ao persoal de investigación soporte técnico ou de apoio que precise nas súas tarefas.
- d) Facilitar a cooperación entre os profesionais das Áreas Sanitarias, da Fundación e con outros centros tanto nacionais como internacionais.



- e) Difundir os resultados da investigación.
- f) Aqueloutras actividades dirixidas a mellorar a calidade e eficiencia da actividade que realice o persoal investigador.

TÍTULO CUARTO

RÉXIME DE PERSOAL

Artigo 34. *Persoal*

O persoal da Fundación terá a consideración de empregado/a público/a de saúde, nos termos do artigo 108 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e, como norma supletoria, no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia.

O réxime xurídico do persoal contratado pola Fundación axustarase ás normas de dereito laboral, coas garantías que a tal efecto establece o Estatuto dos Traballadores e demais normativa laboral de aplicación.


A súa selección efectuarase mediante convocatoria pública axustada aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade; de acordo co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, así como as demais disposicións que resulten de aplicación.

A Fundación poderá establecer, para a contratación de persoal, contratos laborais para realizar proxectos de investigación determinados e outras actividades vinculadas á investigación nos termos establecidos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, na lexislación laboral xeral e nas convocatorias de axudas e subvencións.

Os/as profesionais sanitarios/as do Servizo Galego de Saúde poderán incorporarse aos proxectos xestionados ou liderados pola Fundación, sen modificación algunha na relación xurídica que os vincule co Servizo Galego de Saúde, no marco do disposto pola lexislación sobre incompatibilidades, a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a lexislación de función pública e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, co obxecto de garantir a adecuada coordinación e optimización dos recursos sanitarios públicos existentes, poderá desempeñar o seu traballo na fundación o persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, na forma que estableza este organismo en coordinación coa dirección da fundación.

En todo caso, o persoal ao servizo da Fundación, os investigadores, e profesionais sanitarios que participen en programas e proxectos de investigación, estará sometido ás especiais normas éticas e de deontoloxía que sinalan as normas de réxime interno da Fundación (de existir estas), e, no seu caso, ao réxime de incompatibilidades vixente para os traballadores do sector público, así como ás normas xerais de abstención e recusación vixentes naquel.



TÍTULO QUINTO

RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 35. *Patrimonio fundacional*

1. O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a fundación con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

A súa adquisición, administración e disposición corresponde aos órganos da fundación de acordo cos presentes estatutos.

2. O patrimonio da fundación quedará reflectido no inventario que revisará e aprobará anualmente o Padroado. Os bens que sexan susceptibles de inscrición, inscribiranse no Rexistro da Propiedade.

3. Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

4. Poderán adscribirse á fundación bens e dereitos sen que isto implique a transmisión do dominio. Esta clase de bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión e debidamente separados daqueles que se adquirisen ou se adquiran no exercicio da actividade da fundación, e, polo tanto, deban estar incorporados ao seu patrimonio:


- a) As melloras, reparacións, conservación e mantemento destes bens serán por conta da fundación.
- b) A fundación non poderá allear nin dar de baixa ningún elemento, ben ou equipo que figure en réxime de cesión sen obter, previamente, a autorización dos órganos competentes para iso.

Artigo 36. *Financiamento*

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fora o caso, con aqueloutros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios á vontade fundacional
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.



Artigo 37. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control da fundación será o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na xestión e rexistro de actividades económicas e patrimoniais será de aplicación o Plan xeral de contabilidade aplicable ás entidades non lucrativas.

Artigo 38. Plan de actuación e orzamento anual

O proxecto de orzamento anual de ingresos e gastos seralle presentado ao Padroado antes do 1 de xuño, conforme ao réxime orzamentario establecido no artigo 118 de Lei 16/2010, do 17 de decembro, ou pola normativa que as substitúa en cada momento.

O referido proxecto de orzamento será aprobado polo Padroado antes do 20 de xuño de cada ano, previo ao exercicio económico, e deberá remitirse, a través da Consellería de adscrición, á Consellería competente en materia de facenda, antes do 1 de xullo, para a elaboración do anteproxecto da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

En calquera caso, dita aprobación, no relativo aos ingresos que se vaian a percibir con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, considerarase condicionada aos resultantes da tramitación e definitiva aprobación destes.


A fundación só poderá concertar operacións de crédito por necesidades de tesouraría por un período de amortización de capital e intereses inferior a un ano, e sempre que se destine o seu importe aos fins da fundación, sen superar o límite máximo que para cada exercicio establecese na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Independentemente disto e pola obriga que impón o regulamento fundacional, o Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e a memoria explicativa do mesmo. Este plan de actuación deberase presentar ao Protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do Padroado da Fundación, que as depositará no Registro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 39. Contas anuais

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun Libro Diario, Libro de Inventario e de Contas Anuais.

O Padroado ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas por aquel no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e



presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación. Presentaranse asinadas pola presidencia, ou pola persoa á que segundo os estatutos lle corresponda formulalas.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da Fundación. Ademais, incluirase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribirán con outras entidades para estes fins, así como o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

As contas anuais someteranse a auditoría externa, remitindo ao Protectorado o informe resultante da mesma, xunto coas contas anuais.

Respecto ao control financeiro permanente da fundación, haberá que atenerse ao disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 118 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Artigo 40. Exercicio económico

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural, iniciándose o 1 de xaneiro e finalizando o 31 de decembro.

TÍTULO SEXTO

MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 41. Modificación de estatutos

Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

O acordo requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña maioría absoluta dos membros do Padroado.

Procederase á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación tivesen variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.



As modificacións de estatutos deberán ser formalizadas en escritura pública e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Así mesmo, deberá ser comunicada ao Protectorado, que só poderá opoñerse por razóns de legalidade, no prazo máximo de tres meses, contados dende a dita notificación.

Artigo 42. Fusión e/ou escisión

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos Padroados, o cal debe comunicarse ao Protectorado xunto cunha memoria acreditativa das circunstancias que aconsellan a fusión fronte a outras posibles alternativas e informando das condicións pactadas coas fundacións afectadas.

Ademais, remitiranse os estatutos da Fundación resultante da fusión e a identificación dos membros do primeiro Padroado.

A fusión requirirá o outorgamento de escritura pública e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. A devandita escritura pública conterá os estatutos da fundación resultante da fusión, así como a identificación dos membros do seu primeiro padroado.

O acordo da fusión deberá ser aprobado co voto favorable das 2/3 partes dos patróns asistentes á reunión, sempre que representen a maioría absoluta dos membros do Padroado, e deberá ser comunicado ao Protectorado con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente inscribirase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación, nos termos e cos requisitos legalmente establecidos para a fusión.

Artigo 43. Extinción da fundación

A Fundación extinguírase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente, sendo necesaria a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. No caso de extinción por terse realizado integralmente o fin fundacional ou por imposibilidade material ou xurídica para a súa realización requirirase o acordo do Padroado ratificado polo Protectorado.

O acordo de extinción deberá ser aprobado co voto favorable das 2/3 partes dos patróns asistentes á reunión, sempre que representen a maioría absoluta dos membros do Padroado, e deberá ser comunicado ao Protectorado con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente inscribirase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 44. Liquidación

A extinción da fundación, excepto nos casos que sexan consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Sen prexuízo disto o Padroado poderá apoderar ou delegar a execución material dos seus acordos relativos ao proceso de liquidación.

O Padroado deberá realizar as seguintes actuacións:

- a) Confección do inventario e balance de situación da Fundación na data de inicio da liquidación.
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que teñan que levarse a cabo coas limitacións previstas.
- c) Cobro dos créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida.
- d) Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.

O acordo de extinción determinará a forma na que se procederá á liquidación dos bens e dereitos pertencentes á fundación, que en todo caso pasarán a integrarse no patrimonio da Xunta de Galicia, adscritos á Consellería de Sanidade.

Artigo 45. *Comunicación e inscrpción*

Os acordos de modificación de estatutos, fusión, escisión e extinción da fundación serán comunicados e/ou autorizados polo Protectorado aos efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

